

**CONCELLO
DE VIGO**



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS



1942-2012

70 anos de montañismo

Do 13 ao 30 de SETEMBRO de 2012

**CASA GALEGA da CULTURA
PRAZA da PRINCESA 2. VIGO**

1942-2012: 70 anos de historia

Montaña, Alpinismo, Escalada, Esquí, Espeleoloxía, Bicicleta

EXPOSICIÓN


Inauguración: día 13 ás 19 horas



Exposición de material do club e cedido polos socios que mostra a evolución de Club Montañeiros Celtas. Desde as primeiras roupas e cordas, desde o primeiro calzado,... desde os comezos, alá por 1942, cando eramos a Sección de Montaña do RC Celta, os materiais, os medios, as miras,... foron evolucionando ata os nosos días, e continúan nesa evolución na que as e os amantes

da montaña somos e seremos principais protagonistas.

Na exposición pretendemos mostrar, nesa evolución, as nosas lembranzas, ese material ao que lle temos tanto agarimo: roupa, cordas, cascos de escalada, mosquetóns, reguladores de mergullo, cascos de espeleoloxía,...



a de Club Montañeiros Celtas

e Montaña, Mergullo, Operación Benxamín, Sendeirismo

CONFERENCIAS

SALÓN DE ACTOS 19,45 A 21 HORAS (ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO)

Ciclo de conferencias das distintas actividades realizadas polo club ao longo da súa historia e que iluminarán tamén o futuro.

13 de setembro, xoves.

"Os inicios do montañismo e os comezos do Club. Historia" Antonio Veiga. Imposible resumir tan extensa traxectoria e currículo.

14 de setembro, venres.

"A espeleoloxía e Club Montañeiros Celtas" Carolina Rodríguez e Daniel Ballesteros. Pasado, presente e futuro; ciencia e deporte nesta disciplina.

19 de setembro, mércores.

"6M pasos": Andrés Fraga e Juan Veiras (Coru). A aventura desde o punto máis setentrional do continente europeo ata Compostela.

20 de setembro, xoves.

"Cumes e glaciares (prehistoria do alpinismo en Galicia).

Antonio Fernández (Cholo). Numerosos cumes de Europa e África e dedicación ao ensino e difusión do montañismo.

21 de setembro, venres. (Comezo 19:30 horas)

"O esquí na montaña". Marcos Rodríguez e Fernando Fernández, organizadores das actividades de esquí do club.

"A escalada e Club Montañeiros Celtas". Antonio Suárez, Iago Rodríguez. Comezo, desenvolvemento e futuro da escalada no noso club.

26 de setembro, mércores.

"Bici de montaña: Outra forma de disfrutar da natureza".

Pedro Rodríguez e Carlos Arca. Pedaleando coa historia e as palabras nesta disciplina da montaña.

"Operación Benxamín". Antonio Álvarez e Cristina López.

Os comezos, as vivencias, os obxectivos e os resultados desde hai máis de 40 anos

27 de setembro, xoves.

"Mergullo: a exploración do fondo do mar".

Eutimio Rodríguez, Miguel Boquete. Exploración de longo e de curto percorrido de Eutimio e de Miguel, pasado e futuro do club nesta actividade.

Síguenos en www.celtas.net





Clausura do ciclo de conferencias:

día 28 ás 19,45 horas

A derradeira conferencia será no Auditorio Municipal
(praza do Rei) ás 20 horas.

venres, 28 de setembro

“Xeo, por todas partes, xeo”

Chus Lago. Himalaia, Leopardo das Neves e Antártida son algúns dos seus obxectivos acadados e os seus referentes.

“Co Himalaia no horizonte”

Sechu López, con dous oitomiles na mochila, primeiro galego en acadar o Anapurna (este ano e adicado ao 70 aniversario).

Os socios oitomilistas deleitarannos coas súas experiencias extremas.

CASA GALEGA da CULTURA Sala de exposicións

Horario:

Luns a venres: 18:00 a 21:00 h.
Sábados: 12:00/14:00 e 18:00/21:00 h.
Domingos e festivos: 12:00 a 14:00 h.



CONCELLO
DE VIGO

